

2.3.

desenvolvemento do tecido empresarial

Tendo en conta as limitacións tanto “metodolóxicas” coma “temporais”, das principais fontes estatísticas empregadas –o Directorio Central de Empresas (Dirce)¹, do INE, os datos do Rexistro Mercantil e do Ministerio de Trabajo, utilizados para a análise da dinámica empresarial e da economía social, e os recollidos por Ardán², no seu *Informe económico-financiero y de la competitividad. Galicia 2006*– pódense salientar como principais características do entramado empresarial galego o reducido tamaño medio das empresas, o predominio da condición xurídica “persoas físicas” e o peso relativo do sector servizos (77,6% das empresas galegas consideradas).

Ao longo do último ano constituíronse en Galicia un total de 6.977 sociedades mercantís, un 8,1% máis que no ano anterior, o que representa o 4,7% das sociedades constituídas en España. En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes en Galicia foi de 25,2, seis puntos e medio menos que a media española. O número de sociedades disoltas en Galicia mantívose practicamente constante, rexistrándose un total de 743 disolucións, catro menos que en 2005, o que representa o 6,8% das acontecidas no conxunto do Estado.

Xunto ás características da estrutura económica e financeira das empresas galegas analizadas no capítulo [1.4 Agregados da Renda](#), no ano 2005 había en Galicia un total de 613 empresas gacela, cun crecemento medio dos seus ingresos do 61,5% no período 2003-05, e 277 empresas de alto rendemento, que presentan unha rendibilidade económica superior ao 35% en cada un dos tres anos analizados.

Finalmente, no que ás empresas de economía social se refire, o número de sociedades cooperativas e laborais a 31 de decembro de 2006 ascendeu, en conxunto, a 2.023 sociedades, o 4,4% das sociedades en España. O 1,2% da poboación ocupada galega traballa nestes sociedades (14.297 persoas), sendo esta porcentaxe do 2,3% no conxunto do Estado.

Estrutura empresarial

O número de **empresas activas** en Galicia experimentou ao longo do ano 2006 un novo incremento, situándose nas 200.020 empresas (datos referidos a 1 de xaneiro de 2007), o que representa o 6% do total de empresas activas nese período no conxunto estatal. De novo, a

1) O Dirce cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

2) Considera as empresas que teñen a súa sede social en Galicia e cunha facturación superior a 300.000 euros en 2005, que cumpren coas súas obrigacións rexistras e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Empresas existentes nas CC.AA. a 1/1/2006 e 1/1/2007

	1/1/06		1/1/07		Taxa crecemento	
	CA / total (%)		CA / total (%)		(%)	
Andalucía	486.674	15,3	511.728	15,3	25.054	5,1
Aragón	87.941	2,8	92.162	2,8	4.221	4,8
Asturias	70.115	2,2	72.276	2,2	2.161	3,1
Baleares	88.027	2,8	91.254	2,7	3.227	3,7
Canarias	132.810	4,2	140.414	4,2	7.604	5,7
Cantabria	37.690	1,2	39.560	1,2	1.870	5,0
Castela-A Mancha	124.413	3,9	132.906	4,0	8.493	6,8
Castela e León	163.856	5,2	170.319	5,1	6.463	3,9
Cataluña	578.340	18,2	612.404	18,4	34.064	5,9
C. Valenciana	348.692	11,0	368.586	11,0	19.894	5,7
Extremadura	63.084	2,0	66.232	2,0	3.148	5,0
Galicia	191.642	6,0	200.020	6,0	8.378	4,4
A Coruña	79.170	2,5	82.873	2,5	3.703	4,7
Lugo	23.780	0,7	24.609	0,7	829	3,5
Ourense	22.843	0,7	23.520	0,7	677	3,0
Pontevedra	65.849	2,1	69.018	2,1	3.169	4,8
Madrid	478.202	15,1	503.000	15,1	24.798	5,2
Murcia	90.698	2,9	97.374	2,9	6.676	7,4
Navarra	41.083	1,3	43.142	1,3	2.059	5,0
País Vasco	161.376	5,1	164.431	4,9	3.055	1,9
A Ríoxa	22.393	0,7	23.404	0,7	1.011	4,5
Ceuta e Melilla	7.357	0,2	7.445	0,2	88	1,2
Total	3.174.393	100	3.336.657	100	162.264	5,1

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

○ 2.3.1.

medra do número de empresas en Galicia foi, en termos porcentuais, inferior ao rexistrado no conxunto do Estado: 4,4% e 5,1%, respectivamente.

Comparada coas outras comunidades autónomas, **cadro 2.3.1.**, Galicia segue a ser a quinta comunidade con maior número de empresas tras Cataluña (acolle o 18,4% das empresas españolas), Andalucía (o 15,3%), Madrid (o 15,1%) e a C. Valenciana (11,0%).

Un ano máis, a provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas activas. A 1 de xaneiro de 2007, o número de empresas activas ascendía a 82.873 (o 41,4% do total de empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 69.018 empresas (34,5%). A presenza empresarial en Lugo e Ourense ascende, na devandita, data, a 24.609 (12,3%) e 23.520 (11,8%) empresas, respectivamente. En relación ao ano anterior, as catro provincias experimentan unha medra do número de empresas existentes, sendo a máis acusada a experimentada en Pontevedra, cun crecemento do 4,8% (3.169 empresas máis).

A análise da **densidade empresarial** reflicte que Galicia e as súas catro provincias posúen unha densidade empresarial inferior á media estatal. No derradeiro ano había en Galicia un total de 72 empresas por cada mil habitantes fronte ás 74 sociedades activas no conxunto do Estado. A Coruña e Pontevedra son as provincias que presentan unha densidade empresarial superior á media galega, con 73 sociedades por cada 1.000 habitantes, por diante de Ourense, con 70 sociedades por cada mil habitantes, e Lugo, con 69 sociedades.

Con todo, e tendo en conta a evolución da poboación e das empresas activas, a densidade empresarial galega medra máis que no conxunto do Estado, ao rexistrarse en Galicia tres sociedades máis por cada mil habitantes fronte ás dúas sociedades máis de media en España. As catro provincias galegas volven a presentar un incremento da densidade empresarial, sendo este similar en todas elas, con tres sociedades máis por cada mil habitantes.

A **distribución segundo grandes sectores** de actividade principal que as empresas galegas desenvolven non presenta grandes diferenzas en relación á media estatal. O sector servizos acolle máis de tres cuartas partes das empresas activas (o 77,6% das empresas galegas), 155.184 empresas (56.248 pertencentes ao subsector comercio), fronte ás 29.716 empresas do sector da construción (un 14,9%) e 15.120 empresas industriais (7,6%). No conxunto do Estado estas por-

Empresas existentes a 1/1/2006 e 1/1/2007: distribución segundo ramas de actividade

	1/1/2006			1/1/2007			Taxa crecemento	
	Galicia	España	Galicia/ España	Galicia	España	Galicia/ España	Galicia	España
Sector industrial	15.037	242.310	6,2	15.120	244.359	6,2	0,6	0,8
Industrias extractivas	420	2.974	14,1	416	2.988	13,9	-1,0	0,5
Extracción de produtos enerxéticos	3	178	1,7	5	173	2,9	66,7	-2,8
Extracción de minerais metálicos	5	61	8,2	5	57	8,8	0,0	-6,6
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	412	2.735	15,1	406	2.758	14,7	-1,5	0,8
Industria manufacturera	14.378	235.244	6,1	14.401	234.421	6,1	0,2	-0,3
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	2.619	31.908	8,2	2.586	31.549	8,2	-1,3	-1,1
Industria téxtil e da confección	1.726	23.391	7,4	1.729	22.397	7,7	0,2	-4,2
Industria do coiro e do calzado	60	6.261	1,0	61	6.017	1,0	1,7	-3,9
Industria da madeira e da cortiza	1.660	17.312	9,6	1.637	16.987	9,6	-1,4	-1,9
Ind. do papel; edición, artes gráficas e reprodución soportes grabados	1.119	27.297	4,1	1.150	27.813	4,1	2,8	1,9
Industria química	164	4.576	3,6	163	4.552	3,6	-0,6	-0,5
Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	216	5.998	3,6	216	5.907	3,7	0,0	-1,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1.078	12.635	8,5	1.067	12.483	8,5	-1,0	-1,2
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	2.533	46.892	5,4	2.591	47.780	5,4	2,3	1,9
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	645	15.011	4,3	659	15.322	4,3	2,2	2,1
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	540	11.222	4,8	523	11.282	4,6	-3,1	0,5
Fabricación de material de transporte	534	5.029	10,6	534	5.044	10,6	0,0	0,3
Fabricación de mobles	1.217	20.955	5,8	1.477	27.022	5,5	21,4	29,0
Outras industrias manufactureras	267	6.757	4,0	8	266	3,0	-97,0	-96,1
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	239	4.092	5,8	303	6.950	4,4	26,8	69,8
Produción e distribución enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	222	2.773	8,0	288	5.720	5,0	29,7	106,3
Captación, depuración e distribución de auga	17	1.319	1,3	15	1.230	1,2	-11,8	-6,7
Construción	27.750	448.446	6,2	29.716	488.408	6,1	7,1	8,9
Sector servizos	148.855	2.483.637	6,0	155.184	2.603.890	6,0	4,3	4,8
Actividades comerciais por xunto e polo miúdo	55.514	835.276	6,6	56.248	845.229	6,7	1,3	1,2
Hostalería	21.566	282.118	7,6	21.795	287.055	7,6	1,1	1,7
Transporte, almacenamento e comunicacións	13.731	236.797	5,8	14.029	243.868	5,8	2,2	3,0
Intermediación financeira	3.866	56.952	6,8	4.131	60.830	6,8	6,9	6,8
Act. inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais	32.330	693.078	4,7	35.789	764.619	4,7	10,7	10,3
Educación	3.614	59.812	6,0	3.887	64.324	6,0	7,6	7,5
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	6.482	120.271	5,4	6.773	126.544	5,4	4,5	5,2
Outras act. sociais e de servizos á comunidade; servizos persoais	11.752	199.333	5,9	12.532	211.421	5,9	6,6	6,1
Total	191.642	3.174.393	6,0	200.020	3.336.657	6,0	4,4	5,1

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Empresas existentes en Galicia e España 2006: distribución segundo tamaño das empresas (1)

	Total	Galicia			España	G/E	
		A Coruña	Lugo	Ourense			
Sen asalariados	98.847	42.861	11.928	12.027	32.031	1.706.140	5,8
De 1 a 2 asalariados	60.783	24.025	7.856	7.265	21.637	932.526	6,5
De 3 a 5 asalariados	21.116	8.160	2.721	2.355	7.880	340.638	6,2
De 6 a 9 asalariados	9.045	3.632	1.079	906	3.428	158.159	5,7
De 10 a 19 asalariados	5.728	2.298	615	568	2.247	108.866	5,3
De 20 a 49 asalariados	3.161	1.286	306	280	1.289	60.738	5,2
De 50 a 99 asalariados	767	338	59	76	294	15.737	4,9
De 100 a 199 asalariados	340	156	30	22	132	7.780	4,4
De 200 a 499 asalariados	160	78	8	15	59	4.218	3,8
De 500 a 999 asalariados	38	18	6	3	11	1.072	3,5
De 1.000 a 4.999 asalariados	33	20	1	3	9	684	4,8
Máis de 5.000 asalariados	2	1	-	-	1	99	2,0
Total	200.020	82.873	24.609	23.520	69.018	3.336.657	6,0

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2007
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.3.

centaxes representan o 78% no sector servizos e o 14,6% e 7,3% no caso das empresas de construción e da industria. Sen embargo, se se considera a diferenciación entre actividades comerciais e resto dos servizos, a representatividade do comercio en Galicia é 2,8 puntos superior á media estatal, ao contrario do que acontece no caso do resto dos servizos (3,2 puntos porcentuais superior en España).

Se se considera a participación das empresas galegas sobre o total das españolas, o seu peso relativo foi do 6,0%, variando esta porcentaxe entre o 6,2%, no conxunto das actividades do sector industrial e da construción, e o 6,7% das actividades comerciais (a importancia das empresas de servizos no seu conxunto foi do 6%).

Os tres grandes sectores económicos experimentan unha medra do número de empresas activas en 2006, rexistrándose os incrementos máis acusados no sector servizos, con 6.329 empresas máis, mentres que na construción a medra foi de 1.966 empresas e no conxunto das actividades industriais, de tan só 83 empresas. En termos relativos, o sector da construción volveu a presentar os maiores crecementos, cun 7,1% respecto ao ano anterior, por diante do acontecido nos servizos, co 4,3% e da industria, cun 0,6%.

Se se considera o número de traballadores en plantilla como indicador do tamaño das empresas, **cadro 2.3.3.**, os datos do Dirce amosan que case a metade das empresas galegas (49,4% das empresas) son empresas sen asalariados (98.847 firmas), fronte ao 51,1% no ámbito estatal. A meirande parte das empresas, o 94,9%, poden considerarse como micro-empresas³, é dicir, que teñen menos de 10 empregados, en tanto que a porcentaxe de medianas e grandes empresas –máis de 50 traballadores– sitúase no 0,7%.

Ao longo do ano 2006 o volume total de empresas medrou tanto no caso das empresas sen asalariados (4.736 empresas máis) como no das empresas con asalariados (con 3.642 empresas). Ao igual que no ano anterior, o número de empresas con asalariados medra en Galicia nos tres grandes grupos considerados: no de micro empresas (3.338 empresas), nas pequenas empresas (227 empresas) e nas medianas e grandes empresas (77 empresas máis).

Atendendo á distribución provincial cómpre salientar, dunha banda, que A Coruña volve a presentar o maior número de empresas nos diferentes estratos considerados. Doutra, que a medra do número de micro empresas, pequenas e medianas empresas rexístrase nas catro provincias galegas. Ao igual que sucedeu no ano anterior, no ano 2006 o número de grandes empresas (máis de 200 traballadores) aumenta en todas as provincias agás en Pontevedra, onde permanece constante.

Se a aproximación ao tamaño medio da empresa se fai a través do cociente do número de traballadores afiliados á Seguridade Social no réxime xeral e nos réximes da minería do carbón e de autónomos entre o número de empresas, obsérvase que a dimensión media de empresa

Empresas existentes 2006 (1): distribución segundo a súa condición xurídica

	Personas Físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de Responsabilidade Limitada.	Sociedades colectivas	Sociedades comanditarias	Comunidades de bens	Sociedades Cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros	Total
A Coruña	49.550	1.704	23.952	9	-	961	380	6.158	159	82.873
Lugo	15.780	313	6.320	1	-	1.561	171	385	58	24.609
Ourense	14.858	463	6.475	2	-	2.290	120	1.235	57	23.520
Pontevedra	37.769	1.573	24.441	3	-	2.928	302	1.887	115	69.018
Total	117.957	4.053	61.188	15	-	5.760	973	9.685	389	200.020
España	1.853.012	115.580	1.078.614	371	97	107.591	24.949	147.901	8.542	3.336.657
G/E (%)	6,4	3,5	5,7	4,0	-	5,4	3,9	6,5	4,6	6,0

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2007
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

galega, así como a dimensión das empresas nas catro provincias galegas, é inferior á media estatal. O número medio de traballadores nas empresas galegas consideradas no Dirce segue sendo de 4,7 traballadores fronte aos 5,2 traballadores de media en España.

Comparado co ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado mantense practicamente o tamaño medio das empresas. A provincia de Pontevedra, con 4,9 traballadores por empresa, é a única que presenta un tamaño medio superior ao rexistrado para o conxunto de Galicia. A Coruña presenta unha dimensión lixeiramente inferior (4,8 traballadores), en tanto que en Lugo e Ourense o tamaño medio sitúase en 4,2 traballadores.

Se se consideran só as empresas con asalariados, que representan pouco máis da metade do tecido empresarial segundo os datos do Dirce, este indicador, onde non se inclúen os traballadores autónomos, amosa tamén unha menor dimensión nas empresas galegas (7,4 traballadores en Galicia fronte aos 8,7 traballadores de media no conxunto do Estado). Ao igual que para o conxunto de empresas, esta menor tamaño medio preséntase nas catro provincias galegas. Comparado cos datos do ano anterior, tanto en Galicia coma no Estado mantense o seu tamaño medio constante.

Os datos do Dirce reflicten o predominio da **condición xurídica** de persoas físicas, que representa, **cadro 2.3.4.**, o 59% do total de empresas existentes en Galicia (117.957 empresas), fronte ao 30,6% (61.188 empresas) das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2% (4.053 empresas) no caso das sociedades anónimas. Comparado co total estatal, o peso relativo das persoas físicas é do 6,4% e o das SRL do 5,7%, sendo a importancia relativa das sociedades anónimas, do 3,5%.

En relación ao ano anterior, o incremento no número de empresas existente ven explicado, fundamentalmente, pola medra das SRL, con 4.393 empresas máis. O número de empresas coa condición xurídica “persoas físicas” o fai en 3.016 e o de asociacións e outros tipos, en 779 empresas. Pola contra, redúcese lixeiramente o número de sociedades anónimas, con 12 empresas menos.

As catro provincias galegas presentan unha medra do número de sociedades de responsabilidade limitada, “persoas físicas” e asociacións e outros tipos. Pola contra, o número de cooperativas activas a 1 de xaneiro de 2007 tan só medra na provincia de Pontevedra, experimentando A Coruña e Ourense unha caída do número total de sociedades anónimas.

Dinámica empresarial

Ao longo do ano 2006 Galicia rexistrou unha importante medra do número de empresas creadas, situándose a taxa de crecemento en relación ao ano anterior no 8,1%, case dous puntos por riba da media española (6,3%). No último ano constituíronse en Galicia 6.977 sociedades mercantís, o que significa o 4,7% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do Estado. Galicia sitúase, tras Cataluña, Madrid, Andalucía e a C. Valenciana, que acollen as dúas terceiras partes das sociedades constituídas nese ano, como a quinta comunidade autónomas co maior número de sociedades creadas (**cadro 2.3.5.**).

O capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas ascendeu a 405,3 millóns de euros do, que foi desembolsado un total de 387,3 millóns de euros. En termos relativos, Galicia acolleu o 3,8% do capital subscrito e desembolsado en España.

Os datos do Rexistro mercantil amosan a concentración da actividade empresarial en A Coruña e Pontevedra, que acollen o 79,1% das sociedades constituídas en Galicia en 2006. As catro provincias galegas rexistran no último ano unha medra do número de constituicións, salientando

3) O artigo 3 da recomendación da Comisión Europea de 16 de abril de 1996 considera micro-empresa aquela que ten menos de 10 traballadores; pequena empresa a que ten entre 10 e 49 empresa; mediana empresa a que emprega entre 50 e 249 empresas; e grande empresa a que ten máis de 250 traballadores. Tendo en conta a limitación dos datos ofrecidos polo Dirce, considérase mediana-empresa a que ten entre 50 e 199 traballadores, e grande-empresa a que ten máis de 200 traballadores.

Sociedades mercantís creadas, que amplian capital e disoltas nas CC.AA. 2006

	Sociedades creadas		Sociedades que amplian capital		Sociedades disoltas
	número	Capital	número	Capital	número
Andalucía	23.837	1.088.256	5.949	4.825.857	1.763
Aragón	3.593	364.537	1.164	806.905	488
Asturias	1.998	151.764	571	353.828	274
Baleares	4.661	223.523	1.352	750.472	542
Canarias	5.497	202.462	2.893	822.516	429
Cantabria	1.362	43.682	315	142.923	159
Castela e León	5.449	416.090	1.627	760.778	589
Castela - A Mancha	5.824	251.554	1.516	519.064	326
Cataluña	27.736	1.687.596	9.080	7.215.103	1.458
C. Valenciana	17.813	947.749	4.131	3.154.285	1.214
Extremadura	2.408	102.003	519	262.813	179
Galicia	6.977	405.325	1.775	1.409.961	743
A Coruña	2.730	192.317	703	470.030	324
Lugo	777	32.319	185	45.964	88
Ourense	681	59.975	187	68.285	74
Pontevedra	2.789	120.714	700	825.682	257
Madrid	27.467	3.410.080	8.955	16.699.045	1.794
Murcia	5.168	301.528	1.058	611.523	63
Navarra	1.691	232.538	308	1.940.153	60
País Vasco	5.409	691.037	1.685	2.230.463	792
A Rioxa	714	20.661	309	153.574	37
Ceuta e Melilla	117	5.231	29	18.814	25
Total	147.721	10.545.616	43.236	42.678.077	10.935

Fonte: INE

○ 2.3.5.

Sociedades constituídas nas CC.AA. 2005-06: distribución segundo forma xurídica e capital subscrito e desembolsado

	Galicia		España		Galicia/España	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
	(en miles de €)				(%)	
Total						
nº sociedades	6.457	6.977	138.981	147.721	4,6	4,7
Capital subscrito (en miles de €)	399.013	405.325	10.583.865	10.545.618	3,8	3,8
Capital desembolsado (en miles de €)	379.468	387.281	9.922.940	9.833.658	3,8	3,9
Sociedades anónimas						
nº sociedades	92	86	2.182	2.099	4,2	4,1
Capital subscrito (en miles de €)	52.975	50.270	2.588.409	2.800.366	2,0	1,8
Capital desembolsado (en miles de €)	33.431	32.227	1.933.484	2.088.401	1,7	1,5
Sociedades limitadas						
nº sociedades	6.365	6.890	136.768	145.604	4,7	4,7
Capital subscrito (en miles de €)	346.038	355.051	7.991.946	7.742.996	4,3	4,6
Capital desembolsado (en miles de €)	346.038	355.051	7.985.946	7.742.996	4,3	4,6

Fonte: INE

○ 2.3.6.

a de Lugo, con 146 sociedades máis (23,1%) en relación ao ano anterior. En termos relativos destaca tamén Ourense, cunha medra de 20,7%, mentres que en termos absolutos, a segunda provincia en termos de crecemento foi Pontevedra, con 133 sociedades máis.

Se se considera como indicador da taxa de creación de empresas a ratio “número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes”, Galicia acada un valor de 25,2 sociedades, por diante de Asturias, Cantabria, Castela e León, Extremadura, País Vasco e A Rioxa. No conxunto do Estado, este índice acada un valor de 32,7 sociedades constituídas por cada dez mil habitantes, presentando novamente as comunidades autónomas de Baleares, Cataluña, a C. Valenciana, Madrid e Murcia, un valor superior á media española.

Pontevedra volve a ser a única provincia cunha ratio superior á media galega. Esta taxa de creación de empresas foi de 29,4 sociedades por cada dez mil habitantes, seguida por A Coruña, con 24,1 sociedades. A relación máis baixa foi a de Ourense, con 20,2 sociedades por cada dez mil habitantes, situándose en Lugo en 21,9 sociedades.

O número de sociedades disoltas en Galicia en 2006 descendeu ata as 743, catro menos que no ano anterior, o que representa o 6,8% das acontecidas en España (6,3% en 2005). O devandito descenso ven motivado pola caída de 22 sociedades en Pontevedra e de nove en Ourense e Lugo, que compensa a medra rexistrada en A Coruña: 36 sociedades disoltas máis que en 2005.

Se se considera o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións, en Galicia disolvéronse un total de 10,6 empresas disoltas por cada cen empresas constituídas, fronte ao 7,4 empresas no conxunto do Estado. Comparado cos valores rexistrados no ano anterior, cómpre salientar que esta ratio descendeu en Galicia un punto porcentual (11,6% en 2005) mentres que medra lixeiramente no conxunto do Estado (7,0%).

Nas catro provincias galegas o índice de rotación presenta un valor superior á media española, situándose en A Coruña nas 12 empresas disoltas por cada cen empresas constituídas fronte ás 11,3 sociedades de Lugo e as 10,9 de Ourense. En Pontevedra, esta ratio acadou un valor de 9,2.

Trazos de competitividade das empresas galegas

Unha vez analizada a estrutura económica e financeira da empresa galega no punto 1.4. *Agregados da renda*, este apartado céntrase nos seus trazos de competitividade. Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, que considera as empresas que teñen a súa sede social en Galicia, unha facturación superior a 300.000 euros en 2005, que cumpren coas súas obrigacións rexistradas e se dispón de datos para tres anos consecutivos (2003-2005), á hora de analizar a competitividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento, empresas xeradoras de riqueza e empresas de alta produtividade.

Das 13.573 empresas que cumpren os criterios mencionados (exclúense as empresas financeiras pola súa peculiaridade), un total de 613 empresas son consideradas **empresas gacela** (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ao longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Destas 613 empresas, 154 multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, e 55 empresas o fan por máis de cinco. O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 61,5% no período 2003-2005.

Atendendo á desagregación segundo sectores, o **cadro 2.3.7** reflicte que máis de seis de cada dez empresas gacela consideradas por Ardán pertencen aos sectores da construción, fabricantes e comercio por xunto. No grupo das actividades de construción salientan os contratistas xerais, os promotores de obras e instalacións eléctricas. No grupo da distribución por xunto, cómpre destacar, polo seu número, as empresas do sector de distribución de peixes e mariscos e o de materiais para a construción, namentres que entre as actividades relacionadas coa fabricación salientan os traballos de carpintería metálica e fabricación de estruturas de metal.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 277 **empresas de alto rendemento** (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ao 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 2003, 2004 e 2005 do 39,2%, 36,7% e o 35,4%, sucesivamente. A meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de servizos e as de fabricación, que acollen o 54,1% das empresas consideradas de alto rendemento. No primeiro caso salientan as oficinas técnicas de enxeñería e arquitectura, a asesoría e relacións públicas de empresas e os servizos comerciais. No segundo caso, cómpre salientar os traballos de carpintería metálica e as imprentas comerciais-textos.

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que crean un valor positivo para o accionista no período 2003-05, o seu valor engadido bruto de 2003 debe ser superior ós 150.000 euros, e, rexistran crecemento do VEB inferior ao 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 116 empresas, emprazadas principalmente, ao igual que no caso das empresas

Trazos de competitividade das empresas galegas 2005

	Empresas Gacela (1)		Empresas de alto rendimento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta produtividade (4)	
	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)
Construción	181	29,5	36	13,0	20	17,2	58	25,4
Fabricantes	104	17,0	45	16,2	30	25,9	34	14,9
Maioristas	98	16,0	40	14,4	21	18,1	47	20,6
Detallistas	83	13,5	24	8,7	15	12,9	42	18,4
Servizos	75	12,2	105	37,9	13	11,2	35	15,4
Transportes, comunicacións e serv. públicos	51	8,3	24	8,7	16	13,8	10	4,4
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	15	2,4	-	-	-	-	2	0,9
Minaría	6	1,0	3	1,1	1	0,9	-	-
Total	613	100	277	87	116	100	228	100

(1) aquela empresa que presenta un crecemento sostido dos ingresos de explotación por riba do 25% ao longo de tres anos consecutivos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, un VEB mínimo de 50.000 euros e crecendo ao menos un 10% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.

Fonte: Ardán

2.3.7.

gacelas, nos sectores de fabricantes, comercio por xunto e construción, que acollen o 61,2% das mesmas. Entre as actividades de fabricación salientan as relacionadas cos produtos confeccionados de téxtiles e fabricación de maquinaria e equipo industrial, mentres que no caso do grupo da construción, pódense salientar as de contratistas xerais ou promotores de obras. No caso da distribución por xunto, destacan as actividades de distribución de peixe e mariscos, a distribución de metais ou a de materiais para a construción.

Finalmente, hai que considerar un total de 228 **empresas de alta produtividade** (aquelas que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo), emprazadas principalmente nas actividades de construción, distribución por xunto e detallistas, que acollen case as dúas terceiras partes das empresas consideradas.

Xunto a estes cualificadores de distintos trazos da competitividade empresarial, o **cadro 2.3.8.** amosa unha serie de datos de empresas con certificación de calidade ou xestión medioambiental. Das 1.136 empresas galegas con certificación de calidade analizadas por Ardán -empresas con datos de 2005 e unha facturación superior a 300.000 euros, non tendo en conta nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais- 483 empresas teñen a súa sede social en Pontevedra, (o 42,5% das empresas con certificación de calidade consideradas na mostra) e 454 sociedades en A Coruña (o 40%).

Atendendo ao tamaño das empresas, medido en termos dos ingresos de explotación, das devanditas 1.136 empresas galegas con certificación de calidade, o 29,9% das empresas (340 empresas) facturaron entre un e tres millóns de euros, e un 27,6% (314 empresas), entre cinco e vinte millóns de euros.

Das empresas con razón social en Galicia que posúen a certificación de calidade, o 38,2% pertencen ao grupo dos fabricantes. Dentro das actividades englobadas neste sector, cómpre destacar a construción e reparación de buques, a fabricación de artigos plásticos diversos, a fabricación de estruturas de metal e os traballos de carpintería metálica.

Se temos en conta a distribución comarcal, o **cadro 2.3.9.** reflicte que case catro de cada dez empresas analizadas por Ardán están emprazadas nas comarcas de Vigo e A Coruña (acollen pouco menos do 30% da poboación e do 60% do VEB xerado polas empresas consideradas). Atendendo aos distintos cualificadores da competitividade, estas dúas comarcas acollen case o 60% das empresas de alto rendimento, en torno á metade das empresas xeradoras de riqueza

Certificación da calidade das empresas galegas 2005: distribución segundo localización e tamaño das empresas

Ingresos de explotación	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		(%)		(%)		(%)		(%)		(%)
300.000 euros - 1 millón euros	130	11,4	46	10,1	13	12,5	12	12,6	59	12,2
1 - 3 millóns de euros	340	29,9	136	30,0	35	33,7	24	25,3	145	30,0
3 - 5 millóns de euros	190	16,7	74	16,3	14	13,5	16	16,8	86	17,8
5 - 20 millóns de euros	314	27,6	125	27,5	31	29,8	31	32,6	127	26,3
máis de 20 millóns de euros	162	14,3	73	16,1	11	10,6	12	12,6	66	13,7
Total	1.136	100	454	100	104	100	95	100	483	100

(1) A mostra está formada por empresas con datos de 2005 e unha facturación superior a 300.000 euros. Dada a súa peculiaridade, o estudo non incorporou nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais.

Fonte: *Ardán*

○ 2.3.8.

Trazos de competitividade das empresas galegas 2005: distribución segundo comarcas

Empresa	gacela	Alto rendemento	Xeradoras de riqueza	Alta produtividade	Emp. con certificación	Empresas analizadas
Vigo	114	57	25	49	324	2.849
A Coruña	102	108	35	54	240	2.399
Santiago	35	25	10	23	62	855
Ourense	43	13	7	15	66	808
Lugo	37	10	7	10	52	713
Pontevedra	33	5	2	12	40	636
O Salnés	30	10	3	8	38	625
Ferrol	24	8	7	12	47	434
O Morrazo	6	3	1	-	17	314
A Barbanza	17	5	2	3	19	303
O Baixo Miño	24	4	1	4	15	287
Bergantiños	9	2	1	4	17	272
Deza	14	2	-	2	21	228
O Condado	7	3	-	4	13	207
A Mariña Central	7	1	4	4	14	179
Valdeorras	4	2	1	2	12	174
Caldas	8	-	-	1	9	165
A Mariña Occidental	4	2	2	1	11	157
Ordes	10	3	2	3	18	152
Terra Chá	8	3	-	2	6	133
Betanzos	2	-	-	-	12	130
O Eume	7	2	-	3	13	120
Tabeirós-Terra de Montes	9	1	1	2	4	103
Sarria	5	-	-	-	3	98
O Sar	3	-	1	1	6	97
O Carballiño	5	1	-	1	5	94
Noia	3	1	-	1	3	85
Terra de Lemos	7	-	1	2	8	83
A Mariña Oriental	1	-	1	-	6	81
Verín	2	1	-	1	2	80
A Limia	3	-	-	-	3	71
Terra de Soneira	2	-	-	1	5	61
Fisterra	1	2	1	1	1	53
O Ribeiro	5	-	-	-	2	51
Xallas	2	1	-	-	1	49
Arzúa	1	-	-	-	4	47
Terra de Celanova	3	-	-	-	3	43
Terra de Melide	2	1	-	-	-	41
Ortega	4	-	-	-	2	39
Chantada	1	-	-	1	-	37
A Paradanta	-	-	-	-	3	35
Allariz-Maceda	2	-	-	-	2	29
Barcala	1	-	-	-	3	28
Os Ancares	-	-	-	-	1	24
Meira	1	-	-	1	-	23
A Ulloa	2	-	1	-	2	17
Muros	2	1	-	-	-	16
A Fonsagrada	1	-	-	-	1	14
Quiroga	-	-	-	-	-	9
Viana	-	-	-	-	-	7
Terra de Trives	-	-	-	-	-	6
A Baixa Limia	-	-	-	-	-	5
Terra de Caldelas	-	-	-	-	-	4
Galicia	613	277	116	228	1.136	13.570

Fonte: *Ardán*

2.3.

○ 2.3.9.

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2005-06: número e traballadores

	2005				2006			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)
Andalucía	5.715	22,4	63.588	20,0	5.644	22,1	64.079	20,2
Aragón	856	3,3	7.881	2,5	881	3,4	7.721	2,4
Asturias	292	1,1	3.485	1,1	286	1,1	3.394	1,1
Baleares	190	0,7	2.558	0,8	185	0,7	2.562	0,8
Canarias	403	1,6	6.549	2,1	390	1,5	6.302	2,0
Cantabria	97	0,4	1.397	0,4	94	0,4	1.364	0,4
Castela-A Mancha	1.510	5,9	12.538	3,9	1.480	5,8	12.958	4,1
Castela e León	1.473	5,8	11.467	3,6	1.493	5,8	11.290	3,6
Cataluña	6.094	23,8	41.065	12,9	5.712	22,4	39.483	12,4
C. Valenciana	3.170	12,4	53.691	16,9	3.152	12,3	57.369	18,1
Extremadura	747	2,9	7.108	2,2	734	2,9	7.145	2,2
Galicia	919	3,6	8.360	2,6	918	3,6	8.232	2,6
A Coruña	336	1,3	2.652	0,8	328	1,3	2.613	0,8
Lugo	170	0,7	1.092	0,3	167	0,7	1.068	0,3
Ourense	153	0,6	2.097	0,7	151	0,6	2.051	0,6
Pontevedra	260	1,0	2.519	0,8	272	1,1	2.500	0,8
Madrid	1.095	4,3	13.806	4,3	1.011	4,0	13.586	4,3
Murcia	1.617	6,3	18.319	5,8	1.623	6,4	18.651	5,9
Navarra	277	1,1	4.550	1,4	271	1,1	4.796	1,5
País Vasco	1.471	5,8	55.438	17,4	1.466	5,7	56.738	17,9
Rioxa	177	0,7	1.724	0,5	168	0,7	1.703	0,5
Ceuta e Melilla	43	0,2	448	0,1	47	0,2	433	0,1
Total	26.146	102	313.972	99	25.555	100	317.806	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

○ 2.3.10.

e das empresas certificadas e o 45% das empresas de alta produtividade.

Se a análise se estendese ás sete grandes comarcas galegas en termos de poboación, estas acollerían o 54,1% da poboación empadroada e o 64,1% das empresas (case o 80% do VEB xerado). En canto aos indicadores da competitividade, máis de oito de cada dez empresas de alto rendemento e das empresas xeradoras de riqueza teñen a súa sede social nestas comarcas, estando emprazadas as tres cuartas partes das empresas de alta produtividade e das empresas galegas con certificación e case as dúas terceiras partes das empresas gacela.

Empresas de economía social

O número de sociedades cooperativas activas ou en funcionamento en Galicia a 31 de decembro de 2006 e o número de socios iniciais mantívose practicamente constante en relación á mesma data do ano anterior. En termos absolutos, o número de sociedades situouse nas 918 (unha menos que en 2005) e o de socios iniciais, de 8.232 persoas (128 socios menos). En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle, ao igual que en 2005, o 3,6% das sociedades cooperativas e o 2,6% dos traballadores neste tipo de empresas. Como amosa o **cadro 2.3.10.**, prodúcese unha concentración das sociedades cooperativas en tres comunidades autónomas, Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, que en conxunto acollen o 56,8% do total de cooperativas e o 50,7% dos traballadores.

A Coruña é a provincia con maior número de cooperativas, con 328 sociedades e 2.613 traballadores, o que implica unha media de 8 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 9 traballadores por sociedade (12,4 traballadores de media no conxunto do Estado). Un ano máis, as provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega con 13,6 e 9,2 traballadores por cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperativas constituídas en Galicia en 2006 foi de 36, cun total de 1.315 socios iniciais, o que representou o 2,8% do total de cooperativas constituídas en España e o 14,2% dos socios. En relación ao ano anterior, cómpre salientar que manténdose o número de cooperativas constituídas, o de cooperativistas aumentou en máis de 900 socios.

Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2005-06: número e socios iniciais

	2005				2006			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	
Andalucía	418	26,0	3.786	10,7	263	20,2	1.860	20,1
Aragón	77	4,8	491	1,4	72	5,5	548	5,9
Asturias	24	1,5	295	0,8	17	1,3	73	0,8
Baleares	5	0,3	45	0,1	6	0,5	23	0,2
Canarias	9	0,6	31	0,1	16	1,2	92	1,0
Cantabria	4	0,2	19	0,1	1	0,1	3	0,0
Castela - A Mancha	82	5,1	846	2,4	25	1,9	196	2,1
Castela e León	114	7,1	911	2,6	100	7,7	650	7,0
Cataluña	157	9,8	923	2,6	144	11,0	709	7,7
C. Valenciana	202	12,6	24.580	69,5	142	10,9	673	7,3
Extremadura	20	1,2	180	0,5	20	1,5	185	2,0
Galicia	36	2,2	406	1,1	36	2,8	1.315	14,2
A Coruña	-	-	-	-	-	-	-	-
Lugo	-	-	-	-	-	-	-	-
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	1	0,1	4	0,0	-	-	-	-
R.A. Galicia	35	2,2	402	1,1	36	2,8	1.315	14,2
Madrid	140	8,7	644	1,8	163	12,5	719	7,8
Murcia	169	10,5	743	2,1	164	12,6	815	8,8
Navarra	10	0,6	154	0,4	14	1,1	81	0,9
Pais Vasco	83	5,2	980	2,8	62	4,8	547	5,9
Rioxa	10	0,6	101	0,3	8	0,6	511	5,5
Ceuta e Melilla	3	0,2	20	0,1	5	0,4	21	0,2
Rexistro Central	46	2,9	202	0,6	46	3,5	216	2,3
Total	1.609	100	35.357	100	1.304	100	9.237	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

○ 2.3.11.

Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 2005-06: distribución segundo clase

	2005											
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Traballo asociado	-	-	-	-	-	-	-	-	18	124	18	124
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	1	32	1	32
Vivendas	-	-	-	-	-	-	-	-	3	59	3	59
Agrarias	-	-	-	-	-	-	-	-	9	118	9	118
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	1	20	1	20
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	2	37	2	37
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	1	4	1	12	2	16
Total	-	-	-	-	-	-	1	4	35	402	36	406

	2006											
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Traballo asociado	-	-	-	-	-	-	-	-	10	43	10	43
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	-	-	-	-	-	-	-	-	6	439	6	439
Agrarias	-	-	-	-	-	-	-	-	15	636	15	636
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	4	186	4	186
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	1	11	1	11
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	1	4	-	-	1	4
Total	-	-	-	-	-	-	1	4	36	1.315	37	1.319

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

○ 2.3.12.

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2005-06: número e traballadores

	2005				2006			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)	
Andalucía	4.590	22,6	27.347	21,8	4.718	23,3	29.414	22,6
Aragón	736	3,6	3.151	2,5	717	3,5	2.989	2,3
Asturias	536	2,6	3.096	2,5	539	2,7	3.509	2,7
Baleares	240	1,2	1.148	0,9	230	1,1	1.130	0,9
Canarias	770	3,8	3.910	3,1	713	3,5	3.558	2,7
Cantabria	167	0,8	1.271	1,0	167	0,8	1.400	1,1
Castela -A Mancha	1.727	8,5	10.486	8,3	1.770	8,7	10.984	8,4
Castela e León	984	4,9	4.832	3,8	998	4,9	5.285	4,1
Cataluña	2.018	10,0	12.205	9,7	1.946	9,6	12.331	9,5
C. Valenciana	1.791	8,8	11.403	9,1	1.852	9,1	11.464	8,8
Extremadura	499	2,5	2.927	2,3	488	2,4	3.064	2,4
Galicia	1.119	5,5	5.696	4,5	1.105	5,5	6.065	4,7
A Coruña	355	1,8	1.797	1,4	342	1,7	1.975	1,5
Lugo	203	1,0	844	0,7	201	1,0	879	0,7
Ourense	158	0,8	590	0,5	161	0,8	616	0,5
Pontevedra	403	2,0	2.465	2,0	401	2,0	2.595	2,0
Madrid	2.305	11,4	13.355	10,6	2.270	11,2	13.279	10,2
Murcia	1.077	5,3	7.055	5,6	1.106	5,5	7.526	5,8
Navarra	520	2,6	3.908	3,1	498	2,5	4.057	3,1
País Vasco	1.103	5,4	13.356	10,6	1.062	5,2	13.693	10,5
Rioxa	84	0,4	429	0,3	74	0,4	420	0,3
Ceuta e Melilla	13	0,1	71	0,1	13	0,1	72	0,1
Total	20.279	100	125.646	100	20.266	100	130.240	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

○ 2.3.13.

O maior número de cooperativas inscritas e socios corresponde ás cooperativas agrarias, con 15 sociedades e 636 socios, seguidas polas de vivenda, con 6 cooperativas e 439 cooperativistas, e as de “explotacións común da terra”, con 4 e 184, respectivamente. En conxunto, estas tres clases de cooperativas supoñen case o 70% das sociedades constituídas en Galicia no último ano e máis do 95% dos socios iniciais.

A 31 de decembro do ano 2006 o número de **sociedades laborais** en España era de 20.266 empresas (SA e SL), trece menos que na mesma data do ano anterior, concentrándose o 58,5% das sociedades e o 61,6% dos socios iniciais nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco e C. Valenciana. Galicia tiña 1.105 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (14 menos que no ano anterior), un 5,5% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 6.065 socios iniciais, o que representa o 4,7% dos socios no conxunto do Estado (130.240 socios iniciais) (**cadro 2.3.13.**).

Ao longo do ano 2006 volve a descender o número de sociedades laborais rexistradas e o seu número de socios. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 104 sociedades laborais (64 menos), que agruparon a 348 socios (238 menos que en 2005). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 4,4% do total das sociedades laborais rexistradas e o 4,1% do socios iniciais destas sociedades.

A meirande parte das sociedades laborais en Galicia concéntranse nos sectores non agrarios, 101 sociedades, e principalmente no sector servizos que acolle en torno ao 70% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (73 sociedades) e dos socios (242 socios iniciais). No sector agrario, o número de sociedades laborais rexistradas foi de 3, sendo o seu número de socios de 9. Cómpre salientar que en relación ao ano anterior, o devandito descenso volve a rexistrar-se nos distintos sectores económicos.

No concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 2.3.16.**, cómpre salientar que en Galicia, ao igual que no conxunto do Estado, case catro de cada dez persoas que traballan nestas sociedades son mulleres; que en torno ao 46% dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos, e case un terzo, entre 40 e 54 anos; e que un 85% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 2005-06: número e socios iniciais

	2005				2006			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)	
Andalucía	1.027	29,6	3.617	29,0	610	25,8	2.185	26,0
Aragón	125	3,6	421	3,4	79	3,3	279	3,3
Asturias	96	2,8	335	2,7	96	4,1	336	4,0
Baleares	23	0,7	78	0,6	24	1,0	88	1,0
Canarias	80	2,3	270	2,2	47	2,0	165	2,0
Cantabria	18	0,5	67	0,5	17	0,7	63	0,7
Castela - A Mancha	253	7,3	915	7,3	109	4,6	368	4,4
Castela e León	141	4,1	507	4,1	131	5,5	472	5,6
Cataluña	396	11,4	1.503	12,0	279	11,8	956	11,4
C. Valenciana	293	8,5	1.042	8,3	246	10,4	869	10,3
Estremadura	67	1,9	285	2,3	59	2,5	228	2,7
Galicia	168	4,8	586	4,7	104	4,4	348	4,1
A Coruña	42	1,2	142	1,1	25	1,1	83	1,0
Lugo	30	0,9	104	0,8	18	0,8	61	0,7
Ourense	30	0,9	104	0,8	21	0,9	70	0,8
Pontevedra	66	1,9	236	1,9	40	1,7	134	1,6
Madrid	395	11,4	1.411	11,3	273	11,5	967	11,5
Murcia	218	6,3	788	6,3	170	7,2	584	6,9
Navarra	62	1,8	234	1,9	51	2,2	218	2,6
País Vasco	89	2,6	378	3,0	71	3,0	274	3,3
Rioxa	13	0,4	48	0,4	2	0,1	8	0,1
Ceuta e Melilla	2	0,1	6	0,0	-	-	-	-
Total	3.466	100	12.491	100	2.368	100	8.408	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

○ 2.3.14.

Sociedades laborais rexistradas 2005-06: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2005		2006		2005		2006	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Agrario	5	16	3	9	34	143	29	107
Non agrario	163	570	101	339	3.432	12.348	2.339	8.301
Industria	24	98	10	32	544	2.058	379	1.400
Construción	25	86	18	65	806	2.870	575	1.979
Servizos	114	386	73	242	2.082	7.420	1.385	4.922
Total	168	586	104	348	3.466	12.491	2.368	8.408

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

○ 2.3.15.

Asemade, pódese destacar que o 46,8% dos traballadores galegos –excluídos os autónomos– mantén unha relación superior a tres anos (32,9% de media no conxunto do Estado) e que un 19,4% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (37,2% en España). Galicia salienta polo reducido tamaño das sociedades de economía social, xa que no 40,9% das sociedades traballan menos de 10 persoas (58,4% nas sociedades de Lugo), e tan só no 18,4% das mesmas hai máis de cen traballadores (43,4% en Ourense). ■

Traballadores da economía social en alta laboral na Seguridade Social 2006 ⁽¹⁾ en Galicia e España						
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
Distribución segundo sexo						
Varóns	62,6	59,0	62,5	62,8	65,7	60,4
Mulleres	37,4	41,0	37,5	37,2	34,3	39,6
Distribución segundo idade						
Menores de 25 anos	9,4	9,2	10,7	6,4	10,7	11,5
De 25 a 39 anos	45,9	46,0	49,3	43,7	45,6	46,3
De 40 a 54 anos	33,4	33,6	32,3	38,0	31,1	32,8
De 55 anos ou máis	11,4	11,3	7,7	11,9	12,7	9,5
Distribución segundo lugar de orixe						
España	97,8	98,2	97,6	97,9	97,6	90,8
Estranxeiro	2,2	1,8	2,4	2,1	2,4	9,2
Distribución dos traballadores segundo tipo de relación						
Indefinida	71,7	69,5	74,9	83,4	65,9	66,9
Temporal	28,3	30,5	25,1	16,6	34,1	33,1
Distribución segundo tipo de xornada						
Tempo completo	85,0	84,6	86,8	92,1	80,9	85,1
Tempo parcial	15,0	15,4	13,2	7,9	19,1	14,9
Distribución segundo antigüidade						
Ata 6 meses	19,4	21,5	18,6	11,1	22,2	37,2
De 6 meses a un ano	11,3	13,1	10,6	7,7	11,8	11,1
De 1 a 3 anos	22,4	21,3	24,9	19,2	24,0	18,9
De 3 a 5 anos	13,4	12,7	15,9	14,5	12,7	12,2
Máis de 5 anos	33,4	31,4	29,9	47,6	29,2	20,7
Distribución segundo tamaño de sociedade						
0-5 traballadores	23,9	23,8	36,7	18,2	21,8	
6-10 traballadores	17,0	19,9	21,7	10,6	15,8	
11-25 traballadores	21,0	27,2	15,1	11,7	22,6	
26-50 traballadores	9,3	12,2	5,3	8,5	8,9	
51-100 traballadores	10,5	6,2	11,8	7,5	15,2	
101-250 traballadores	8,2	10,1	8,3	2,1	9,5	
Máis de 250 traballadores	10,2	0,6	1,2	41,3	6,2	
Distribución segundo sector						
Agricultura	6,3	3,1	7,5	17,3	2,6	
Industria	30,9	30,3	24,0	41,8	28,2	
Construción	13,0	13,0	12,2	6,1	17,2	
Servizos	49,8	53,5	56,3	34,8	52,1	

(1) datos a 31 de decembro
 Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

○ 2.3.16.